

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach**

Coordinación STEMbach na Facultade/Escola UVigo:	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Dirección do proxecto Uvigo:	
Nome: Silvia Sierra Martínez	
Enderezo electrónico: sierra@uvigo.es	Teléfono: 988 387 101
Co-dirección do proxecto UVigo:	
Nome: M ^a Esther Martínez-Figueira	
Enderezo electrónico: esthermf@uvigo.es	Teléfono: 986 801 773
Bienio	2022-2024
Número de participantes (máx. 4)	4

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

Título

Investigando sobre Profesións 2.0 en...

Resumo

Os perfis laborais que nos últimos anos se veñen mostrando con forza ante as e os nosos adolescentes responden á idea das denominadas Profesións 2.0. Referímonos con este termo aos denominados *influencers* que mostran a súa vida privada, intereses, hobbies, gustos, tendencias de moda, etc. ou que simplemente se expoñen dunha ou doutra forma nas redes sociais. Cada vez é máis frecuente que este *modus operandi* se mostre á sociedade como un emprego cuxo obxectivo é producir contido para as redes sociais. Nalgúns casos, acadan ingresos e rendan a súa exhibición, sen importar a costa de qué. Para moitos e moitas adolescentes este paraíso é unha forma de emprego ao cal aspiran. O sistema educativo e a sociedade teñen o deber e a obriga de prever certas problemáticas susceptibles de acontecer nestas idades en relación a esta nova forma de exhibición nas RRSS. Así, neste proxecto queremos pór en relevo esta realidade que se consome e á que se aspira. Polo tanto, buscamos que o estudantado se anime a abordar a temática proposta concretándoa á súa vez en situacións nas que se identifique ou desexe afondar (a elixir no IES algunha das subtemáticas que se indican): (1) a análise de documentais e series de *influencers* sobre a súa vida persoal, social, etc...; (2) ser *Youtuber* ou *influencer* como profesión a día de hoxe; (3) comercializar a vida persoal a costa de que? (4) ser *influencer* hoxe: posibilidades e obstáculos; (5) condicións laborais de ser *influencer* e pagamento dos impostos tributarios; (6) outra subtemática que no centro educativo se propoña.

O proxecto de investigación *Investigando sobre Profesións 2.0 en... (subtemática a concretar)* pretende ofrecer un espazo para a reflexión e o pensamento crítico sobre as novas profesións derivadas da xeración e exposición de contido persoal a través de plataformas onde é a rede social quen impón as ganancias e ser *influencer* é un tentador espexismo. Co estudo derivado deste proxecto

preténdese por de manifesto a vulnerabilidade na que nos podemos ver inmersos e inmersas á vez que sexa a oportunidade de abordar factores de protección e minimizar o impacto psicolóxico que parece case inevitable.

Obxectivo

- Coñecer as características dos e das usuarios de redes sociais que buscan ser *influencers*.
- Analizar as causas que debuxan un panorama laboral ao que aspiran moitas e moitos adolescentes.
- Analizar a imaxe idílica que as redes sociais proxectan para ser *influencer*.
- Coñecer o discurso que os/as adolescentes fan ante esta nova profesión.

Plan de traballo

O plan de traballo que se prevé é:

1. Toma de acordos cos e coas investigadoras en formación: concretar a subtemática de investigación e seleccionar unha metodoloxía e técnica participativa de recollida da información (por exemplo, fotovoz ou mapas mentais).
2. Formación teórico-práctico sobre investigación cualitativa e sobre a técnica de recollida da información seleccionada.
3. Formación sobre a busca de información científica nas bases de datos.
4. Deseño do plan de investigación que se vai desenvolver cos/as investigadores/as en formación (cronograma, selección de posibles informantes...).
5. Recollida de información mediante a técnica seleccionada.
6. Análise colaborativa da información recollida.
7. Elaboración do informe e preparación da defensa pública.